

BEB/hbr

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

EXPEDIENTE	2022063051
ASUNTO	PROGRAMA DEPO TERMAL 2023
TRÁMITE	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

A deputada delegada de Cohesión Social, en aplicación da Resolución Presidencial de 1 de agosto de 2019 (nº rexistro 2019014186) sobre delegación de atribucións da Presidenta, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS:**

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 50 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

Neste contexto, púxose en marcha unha nova edición do programa "DEPO TERMAL" 2023, que comprende dous programas termais e conta cun total de 3.500 prazas ofertadas. Do total de prazas, ofértase un máximo de 1.000 prazas para o programa termal de asistencia diaria e un máximo de 2.500 prazas para o programa termal con pernoita en réxime de pensión completa.

2º.- A Xunta de Goberno aprobou, na súa sesión do 2 de decembro de 2022, as bases reguladoras do programa "DEPO TERMAL" 2023, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 62, de 29 de marzo de 2023.

3º.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o pasado 8 de maio, revisadas e tramitadas as mesmas, de acordo có previsto na base 15ª da convocatoria e en virtude das competencias delegadas pola Presidencia por Resolución presidencial nº2019014186 de 1 de agosto de 2019 e, consonte a todo o exposto, segundo o establecido no artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, e artigo 109.1.d, da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, **RESOLVO**:



**Primeiro.** Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión destas últimas.

**Segundo.** Publicar a relación provisional, xunto coas causas da súa exclusión no BOPPO e na páxina Web da Deputación de Pontevedra.

**Terceiro.** Así mesmo, de conformidade co establecido na base 15ª, unha vez publicada a lista provisional, concederáse un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte.

**Cuarto.** Transcorrido o prazo de emenda, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina Web da Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente na marxe

